

Expediente IET: P-22-709
Proxecto: Parque eólico P-22-709 Chao do Marco
Concello: Becerreá (Lugo)
Promotor: Enel Green Power España, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 11/10/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto do Parque eólico Chao do Marco.

1. Antecedentes:

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O parque eólico Chao do Marco, de 48MW, está composto por 8 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica, zonas de provisión, torre anemométrica de medición e subestación). O parque contará cunha liña de evacuación (LAT) que é obxecto dun proxecto independente.



Os aerogeradores, de 6 MW, teñen unha altura de buxa de 115m e diámetro de rotor de 170m. A rede de camiños de servizo componse 1,903 km de nova construción e 9,636 Km existentes modificados para acadar unha plataforma de 6m. A lonxitude de gabias é de 10.867 m. A evacuación da enerxía eléctrica xerada realizarase a través de liñas soterradas de media tensión (33 kV) ata a nova subestación "Chao do Marco" de dimensións 104x42,30m e 4.399,20m² de superficie; prevese a construción de tres edificios de planta rectangular con cuberta a dúas augas e dimensións de 21,60x10m o edificio de operación e mantemento, 7,81x18,38m o edificio de celas, e 11,50x3,25 m e cuberta a unha auga o edificio de residuos. O peche está formado por un zócalo perimetral de formigón de 0.30 m de altura sobre a cota de explanación, postes metálicos e malla galvanizada, cunha altura que non supera 2,5 m.

A documentación achegada polo Servizo de Enerxía e Minas de Lugo consiste nun estudo de impacto ambiental (EIA) (asinado 8/08/2022), un arquivo en formato *shapefile* coa representación gráfica das infraestruturas e instalacións do parque eólico Chao do Marco, e o proxecto de execución (asinado 1/07/2022 e visado 5/07/2022). O EIA contén un anexo II cun EIIP (asinado o 13/07/2022).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia o proxecto localízase na grande área paisaxística Serras Orientais, na comarca paisaxística Ancares-Fonsagrada. As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas son AEIP-01-10 Río Navia (3,46 km) ao sureste; AEIP-01-11 Cruzul-Agüeira (3,52 km) ao sur; AEIP-01-07 A Marronda, O Ribón e Monte Grande ao norte (11,96 Km) e AEIP-01-12 Os Ancares (12,16 Km) ao leste do parque. O miradoiros máis próximos son Pena Maior, localizado a 6,20 km ao suroeste e Montes do Restelo (7,4 km leste). Ao SO encóntrase o Camiño francés (16,6 km) e ao NL o Camiño Norte Interior (11,6 km). A senda PR-G 159 Sendeiro Quintá-Río Donsal atópase 4,8 km ao NL e a PR-134 "Muiños de Nacente" a 13 km ao NO.

O parque sitúase nas parroquias de Fontarón, Cascallá, Vilamane e Vilachá ao norte do val do río Navia distribuído en tres aliñacións sobre tres cordais nas serras de Vilares, Vilamane e Calamouco. As dúas últimas forman os brazos paralelos dunha depresión semicircular na que nace o rego de Valiña Dosa. Na máis oriental, a de Vilamane, se sitúan as máquinas CM05, CM06, CM07 nas elevacións de Alto da Serra, Serra de Calamouco e Penas de Calamouco. O aerogenerador CM08 dispónse na aba sueste en Valiña Dosa. Nesta cordal encóntranse tamén unha zona de campamento de obras (*site camp*) e a SET preto do núcleo de Lago. Doutro lado do rego Valiña, na Campa de Sarceada, o aerogenerador CM09. Máis ao norte, na Serra de Vilares, tamén paralela a de Vilamane coa que conforma o val do rego de Ribón, dispóñense os CM04, CM03 e CM02. Trátase dunha paisaxe de montaña de numerosos cumios estreitos de fortes pendentes e formas redondeadas onde se suceden prados e brañas, coberturas de mato, plantacións forestais e bosque mixto de caducifolias nas bacías dos numerosos regos que nacen nas abas escarpadas das serras. Caracterízanse estes cumios polas cristas rochosas recorrendo as dorsais en dirección noroeste-sueste que compoñen as liñas de forza destas serras. As texturas dos afloramentos rochosos pardos dos cumios contrastan coas cores verdes e cos panos brancos da neve no inverno. Cómpre destacar que os cumios redondeados, con asentamentos e vías de comunicación por zonas de alta cota permiten numerosas vistas panorámicas de alto interese e veñen a proporcionar un fondo escénico de serras paralelas nas visuais de largo alcance esvaéndose mentres se afastan.

As vías principais son a autovía A-6 que circunda polo suroeste; a N-VI ao sur e ao oeste da A-6; a provincial LU-P-0508 polo oeste e a autonómica LU-710 que son o principal acceso ao parque. Numerosos viais interiores conectan os asentamentos e pequenos núcleos rurais dispersos pola comarca asentados nas abas ou nas zonas chairas dos cumios. Localízanse nesta área vellos asentamentos tradicionais de aldeas de pallozas como a de Pedrelada e outras que conservan morfoloxía e arquitectura tradicional así como outros elementos patrimoniais en abandono.



5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP achegado consta dunha caracterización da paisaxe no marco do Catálogo das Paisaxes de Galicia; leva a cabo un estudo de visibilidade en radios de 3'5, 10 e 20 km dende os aeroxeradores respecto dos núcleos, as estradas, espazos naturais protexidos, AEIPs, infraestruturas turísticas e bens de interese cultural; xustifica como se incorporaron ao proxecto as determinacións das Directrices da paisaxe e menciona medidas de integración de materiais de acabado para os aeroxeradores, os camiños e edificacións complementarias. Achega tamén simulacións infográficas do proxecto.

Segundo a análise de visibilidade do EIIP, os aeroxeradores serán visibles dende as áreas de especial interese paisaxístico da contorna, en particular a AEIP-01-10 Río Navia e a AEIP-01-11 Cruzul-Agüeira, así como desde os miradoiros Pena Maoir e o de Montes de Restelo. Así mesmo, producirase unha incidencia visual sobre outros elementos de interese recollidos no Catálogo, como os tramos do Camiño de Santiago, e as rutas de sendeirismo PR-G 159 Sendeiro Quintá-Río Donsal e a PR-G 134 Sendeiro Muíños do Nacente. Os aeroxeradores tamén serán visibles desde diversos núcleos de poboación situados nas proximidades, desde a vila de Becerreá, e dende distintos tramos das vías de comunicación máis importantes como son a autovía A-6 e a estrada nacional VI que discorren ao oeste, se ben a vexetación, os noiros das vías, exercen de barreiras que atenúan a visibilidade. O proxecto provocará, polo tanto, un importante impacto derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, que, pola súa altura, forma e natureza artificial producen unha perda da calidade estética e visual da paisaxe de acollida, caracterizada por un sistema de serras paralelas. Este impacto agrávase polo efecto sinérxico derivado da existencia doutros parques eólicos en funcionamento ou en tramitación na contorna próxima (20 segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia).

Outro forte impacto virá dado polos importantes movementos de terras que provocan as plataformas de montaxe e os camiños de acceso sobre unha topografía acusada (principalmente nas posicións CM07, CM08 e CM09), dando lugar á necesidade de importantes noiros e sistemas de contención de terras, se ben a execución do plan de restauración vexetal prevista pode corrixir en parte o impacto visual. Tamén se poden producir afeccións a afloramentos rochosos, especialmente nos CM04, CM06, CM07 e no Site Camp así como no vial de acceso dende a SET ata a Serra de Vilares. Outras afeccións prodúcense no acceso ao complexo da SET nun afloramento de auga interceptado polo viario e unha canle no límite leste desta parcela.

As medidas para a integración paisaxística recollidas no EIIP son correctas, pero precisan de certas melloras que se indicarán no apartado seguinte. Ademais cabe sinalar que no apartado de xustificación das Directrices de paisaxe do EIIP faise referencias a unhas medidas que non se atoparon no apartado correspondente.

6. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. Non obstante, deberanse ter en conta as consideracións que se indican neste apartado.



O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará no tempo durante o período en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar os núcleos máis próximos. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico, se ben deben adoptarse determinadas medidas preventivas e correctoras.

En canto a outros impactos que produce o proxecto:

- En aplicación da directriz de paisaxe DX20.c, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.
- De acordo coa epígrafe f) da directriz de paisaxe DX.20, debería aproveitarse o mesmo vial para o acceso aos aeroxeradores CM07 e CM08, evitando un dobre camiño. De non ser viable esta solución deberá quedar oportunamente xustificada.
- Consonte coa epígrafe a.4 da directriz de paisaxe DX.17, deben evitarse as afeccións a afloramentos rochosos no camiño de acceso ao CM04 e na posición CM08, así como no *site camp*.
- Consonte as directrices de paisaxe DX.17.b.1 e DX.20.o, o peche da parcela da subestación debe complementarse cunha sebe vexetal, de especies autóctonas e adecuadas ao lugar (pode consultarse a este respecto a *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*). Nas edificacións no interior do parque estarase ao disposto na directriz de paisaxe DX.17.c.4, e empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible; polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

Non será necesario solicitar un novo informe do IET.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

